



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

**DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE
DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO.-**

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, para a selección de persoal laboral temporal de apoio ao servizo de mantemento de zonas naturais e espazos públicos, no marco do programa "Depuemprego 2016-2017", financiado pola Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro do convenio de colaboración asinado, no B.O.P. número 31 do 7 de febreiro do actual, publicáronse as mesmas, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es). De conformidade co disposto nas mesmas, as sucesivas publicacións terán lugar unicamente na páxina web, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Friol.

No que se refire ao proceso de selección, no punto 7.1 das bases, figuraba unha proba, que consiste en contestar por escrito un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha será correcta. O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba e valorándose cada unha correcta con 0,5 puntos. Advertiuse un erro de transcripción, xa que como se pode comprobar a multiplicación das dez preguntas correctas do tipo test por a puntuación de 0,5 puntos de cada unha delas, da unha cantidade de cinco puntos, en vez dos dez puntos establecidos. Polo tanto onde di 10 preguntas, debía dicir 20 preguntas. Ao respecto, por resolución da Alcaldía de 13 de febreiro do actual, procedeuse á rectificación do erro material nas base da convocatoria, procedéndose á súa publicación na web do concello e no taboleiro de anuncios.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Non obstante, con posterioridade, no momento de confeccionar a lista de admitidos/as e excluídos/as, decatouse que a puntuación da fase de concurso non é axeitada en relación coa da proba tipo test, excedendo da porcentaxe da mesma, de conformidade co disposto no art. 56 da Lei de Emprego de Galicia. Polo tanto, debe procederse á corrección do erro, debendo, non obstante, respectar os criterios de proporcionalidade, de tal xeito que ningún dos/as que presentaron as súas solicitudes, vexan lesionadas ou modificadas as súas expectativas, non pretendendo en ningún caso limitar dereitos subxectivos ou intereses lexítimos, dentro dun proceso selectivo, e como tal de concurrencia. Segundo o disposto na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, a administración pode convalidar os seus actos, subsanando os defectos de que adoezan, así como rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados/as, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos, non podendo en ningún caso que o exercicio das facultades da administración resulte contrario á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares e as leis.

Ademais do anteriormente exposto, de conformidade co disposto nas bases, a alcaldía, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. No caso de non haber excluídos, a lista provisional quedará como resolución definitiva, debendo ademais sinalar a lugar e hora da realización das probas e a composición do Tribunal Cualificador.

Á vista do anteriormente exposto, de conformidade co establecido na vixente lexislación, as administracións públicas poderán en calquera momento rectificar, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, dos prazos establecidos, en orde á continuación do proceso selectivo seleccionando aos traballadores entre os/as solicitantes no prazo establecido na convocatoria, e no uso das facultades que me son conferidas pola vixente lexislación,

DECRETO:

PRIMEIRO. A modificación das coantías da puntuacións da fase de concurso, respectando os criterios de proporcionalidade, de tal xeito que non se produzan variacións entre os criterios establecidos con anterioridade, quedando coa rectificación dos erros, as puntuacións do proceso selectivo do seguinte xeito:

"7.1 Fase de Oposición (Puntuación Máxima 10 Puntos) (segundo o disposto na resolución de 13 de febreiro do actual xa publicada)

Realizarase un exercicio que consistira en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO II. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos. O exame calificarase de 0 a 10 Puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,5 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

7.2 Fase de Concurso (Puntuación Máxima 6,00 Puntos)

A) Experiencia profesional: (Puntuación Máxima 2,50 puntos)

- Por servizos prestados na Administración Pública Local ou nos seus organismos en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos) a razón de 0,0035 puntos por mes ata un máximo de 1,25 puntos.
- Por servizos prestados na administración pública estatal ou autonómica en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos), a razón de 0,03 puntos por mes ata un máximo de 0,75 puntos.
- Por servizos prestados na empresa privada en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras ou servizos), a razón de 0,025 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de certificación expedida por autorizado ou funcionario que acredite a situación laboral do solicitante.

B) Formación: (Puntuación Máxima 1,50 Puntos)

Valoraranse os títulos e curso de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologadas por estas:

- 0,05 puntos por curso de ata 10 horas ou que non especifiquen o número de horas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- 0,10 puntos por curso de 11 a 30 horas.
- 0,15 puntos por curso de 30 horas en diante.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevencións de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo. Os que a xuízo do tribunal non estean acreditados ou non garden relación co posto de traballo, non serán valorados.

C) Colectivos con dificultade inserción laboral: (Puntuación Máxima 1,50 Puntos):

De acordo co esixido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo que financia estas contratacións ao abeiro do programa Depuemprego, valoraranse as seguintes circunstancias de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- Ser muller: 0,50 Puntos.
- Ter máis de 45 anos de idade: 0,50 puntos.
- Persoa con discapacidade: 0,75 Puntos.
- Desempregado de longa duración (Máis de 12 meses inscrito na oficina de emprego ininterrompidamente): 0,75 Puntos.
- Persoa vítima de violencia de xénero: 0,75 Puntos.

D) Entrevista Persoal: (Puntuación Máxima 0,50 Puntos)

Entrevista persoal realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do candidato para o adecuado desenvolvemento das funcións



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

inherentes ao posto de traballo ofertado, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 0,50 puntos.

7.3 Puntuación Total

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición."

SEGUNDO. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos, debido a non existencia de aspirantes excluídos:

APELIDOS E NOME	D.N.I.
ABUIN CORREDOIRA MONTSERRAT	33.549.457-R
ABUIN RODRÍGUEZ ANA BELEN	33.349.176-G
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ MANUEL	33.824.547-B
ÁLVAREZ LÓPEZ FERNÁN	33.314.189-T
ARES MORANDEIRA FERNANDO	53.167.361-D
ARGEREY VIZCAÍNO ANTONIO	33.313.044-M
ASCARÍZ ESPIÑEIRA SANDRA	76.584.193-N
ASCARÍZ VILLAR MARÍA ISABEL	33.343.763-L
BARREIRO ARIAS JOSÉ	33.337.131-B
CARREIRA VIGO IAGO	33.548.568-D
CORRAL PEREZ MARÍA DEL CARMEN	76.579.192-W
COSTA GRAÑA JOSÉ ANTONIO	76.417.154-E
CRENDE RÍO JESÚS ÁNGEL	33.540.520-B
CUESTA REGUEIRO MÓNICA	33.339.176-D
DÍAZ ARIAS JOSÉ ANTONIO	76.618.679-K
DÍAZ GAY VANESA	33.537.326-Z
EL HABIB EL MERINI	X-9468897-G



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

FERNÁNDEZ ASOREY JOSÉ ANTONIO	33.332.901-J
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ JESÚS	33.856.860-D
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ JOSÉ LUIS	10.180.076-T
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ CRISTIAN	33.550.333-A
FERREIRO LAMAS MARÍA DE LAS MERCEDES	76.577.485-C
FERRO VILLANUEVA JESÚS	76.576.893-A
GARCÍA AGRELO ANTONIO	52.937.275-S
GARCÍA ARES MARÍA MERCEDES	33.852.825-E
GARCÍA VÁZQUEZ ADRIÁN	34.284.740-C
GARCÍA VÁZQUEZ DAVID	34.284.741-K
GESTO FELPETO JUAN CARLOS	33.311.137-F
GOMEZ ALDARIZ JUAN CARLOS	76.577.787-T
LODEIRO DÍAZ JOSÉ ÁNGEL	76.572.763-J
LODEIRO DÍAZ OSCAR	33.541.281-J
LÓPEZ CASTRO JORGE	34.278.523-J
LÓPEZ GARCIA LUIS	33.537.568-A
LÓPEZ LODEIRO IVAN	33.538.477-S
LÓPEZ SEIJAS JESUS	33.334.924-N
LÓPEZ VILA JOSÉ MANUEL	33.558.891-M
MACEIRA RODRÍGUEZ ANTONIO	76.571.775-Z
MARTÍNEZ ÁLVAREZ JOSÉ MANUEL	33.310.837-Y
MIRANDA LÓPEZ ANA	34.281.269-E
MIRANDA LÓPEZ ROCÍO	33.561.170-F
NEIRA CARREGAL IVÁN	34.278.752-N
OUBIÑA HERBES ERNESTO JOSÉ	76.869.726-T
OZORES FOLGUEIRAS CONSTANTINO	33.850.260-X
PAZOS CASTIÑEIRA MANUEL	33.546.137-Q
PENA BARREIRO VANESA	33.536.662-V
PENA TEIJEIRO RUBEN	33.558.279-Z



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PEREIRA GARCIA AVELINO	76.561.652-B
PIN GONZÁLEZ FRANCISCO LUÍS	33.535.967-N
PORTOS TOJO AGUSTÍN	44.816.564-Y
PRIETO ROJO MARIA DEL CARMEN	53.161.804-H
RAMOS ASCARÍZ MARÍA JOSÉ	76.576.817-L
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ JUAN CARLOS	33.327.002-W
SAAVEDRA BREA MANUEL ALBERTO	78.649.494-M
SALVADO CIBES JOSÉ LUÍS	44.818.323-V
SÁNCHEZ JUL ALBERTO	33.548.737-V
SANTOS LORENZO VANESA	33.550.768-R
SANTOS SANTOS MARIO	76.568.177-G
SARABIA BARDANCA DOMINGO	44.805.454-M
SECO LAMAS IZÁN	33.559.773-J
SEIJAS SAUTO IÑIGO	15.397.620-V
SEOANE BARBA ALBA	34.283.072-P
SERÉN PÁJARO JAVIER	33.558.228-D
SIMÓN IGLESIAS JOSÉ MANUEL	76.568.228-D
SOUTO GIL MARÍA LEONIDES	33.327.645-R
VÁZQUEZ LÓPEZ MARÍA CRISTINA	33.554.365-X
VÁZQUEZ MORENO JOSÉ MANUEL	76.578.683-E
VEGA YAÑEZ ROSALIA	33.548.907-A
VILA VÁZQUEZ MARÍA CARMEN	33.303.014-A
VILLAR CRUZ RAMÓN EUGENIO	33.851.189-L

TERCEIRO. Designar ao órgano encargado da selección do persoal para a provisión temporal, incluído no programa Depuemprego, que estará composto por:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Presidente: Don Pablo Veiga López Castelo, traballador social do Concello de Friol. Suplente: Don José López González, Secretario do Concello de Paradela.

Vogais:

Dona María Jesús Blanco Prado traballadora do Concello de Begonte. Suplente: Don Carlos Sánchez Pazos, traballador da brigada de obras e servizos do concello de Friol;

Don José Manuel Loureiro Corrales, traballador da brigada de obras e servizos do concello de Friol. Suplente. Don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario do Concello de Begonte.

Dona Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria do Concello de Baralla. Suplente Don Fernando José Teijeiro Poudereux, administrativo do Concello de Friol.

Secretario.- Don Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol. Suplente: Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria do Concello de Láncara.

Actuará como asesor, con voz pero sen voto, o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Friol, Don Alberto Herrán Calvo.

De non existir causas de abstención e recusación dos membros do órgano de selección, previstas nos art. 23 e 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, convócase ao órgano para a súa constitución na casa do Concello, o vindeiro día de 21 de febreiro ás 9.30 horas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

CUARTO. Do mesmo xeito, convócase en único chamamento aos/ás aspirantes admitidos/as, para que comparezan na devandita data, aos efectos de realización da proba tipo test, no **Centro Sociocultural de Friol**, ás 10.00 horas da data anteriormente indicada. Unha vez realizada a mesma, procederase seguidamente co resto do proceso selectivo. Os/as aspirantes deberán acudir á proba, provistos do D.N.I. ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

QUINTO. A publicación na páxina web (www.concellodefriol.es) e no taboleiro de anuncios do Concello do presente Decreto de Alcaldía, onde tamén se publicarán os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

RECURSOS. O Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O que manda e asina en Friol a dezaseis de febreiro de dous mil dezasete.